

Son quizaís as lembranzas da antiga lagoa de Antela as que levan a Rafael Laso Lorenzo a dotar da capacidade de falar a unha ra para que os lectores mozos coñezan e se instrúan acerca da vida destes anfíbios e ao mesmo tempo poidan comparar movementos e constatar similitudes co mundo dos humanos.

A ra Mona, chamada así polo seu aspecto atractivo e coqueto, naceu coa cualidade de falar, propiedade que emprega para explicar ao común dos

mortais contos arredor da súa vida e dos seus iguais. Así, ademais de relatar como se fixo famosa a ra Cantora, a ameaza que supoñen os pescantíns e outros seres para a súa existencia ou as excelencias do campionato de saltos, tamén nos achega información acerca de cómo nacen e en que se convierten estes batracios dende que son

Lembranza da lagoa

Fantástico e fantasioso

MARÍA NAVARRO

cágados ata a súa forma adulta.

Trátase dun texto sinxelo, fantástico e fantasioso no que o autor se encarga de ir explicando de forma razoada,

non só dende o punto de vista temático, todo o que ten que ver coa vida das ras, senón tamén dende a perspectiva lingüística, palabras e expresións que poden ser descoñecidas para o

lector. A ficción pola súa parte co m p l e m e n t a o sentido ,ou o sen sentido, que ten o feito de que unha ra conte contos e que apele aos nosos costumes cando os deles queren parecerse máis aos dos humanos.

Estes animais sen rabo, con pel lisa e coas patas traseiras adapta-

das para brincar non son coma nós, xa o sabemos, pero os seus movementos remedan os nosos comportamentos e é aí onde radica o sen sentido antes aludido: gústalles a fama, compiten por ser os mellores da súa especie, hai exemplares estraños aos que rexeitan e preocupápanse polo seu físico. Eis algúns dos aspectos que moven ás persoas a actuar e velaí os motivos obxecto de análise da protagonista da nosa histotia.

As historias de animais, sempre atractivas para os rapaces, teñen no texto que a Editorial Luis Vives publica na colección "Ala Delta" e que leva por título *Unha vida de ra*, un exemplo de vida allea; lonxe de expresar a súa propia visión da vida, no seu hábitat e coas súas regras de funcionamento interno, adoitan un modelo -o dos homes- que lles debería ser alleo e máis aínda que pouco ten que ver co deles. Os parámetros que reñen os movementos das persoas distan moito dos dos animais e se se asemellan, vaia! vaia!

LASO, Rafael, *Unha vida de ra*, Ed. Tambre, Vigo, 2010, PVP €

